



GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA

Novelas actuais de carácter científico

Título:	Quantic Love	
Autor:	Sonia Fernández Vidal	
Editorial:	La Galera	
Recomendado para:	4ºESO	
Sinopse	Unha moza sevillana trasládase a Xenebra, en Suíza, para traballar como camareira no CERN. Pero pouco a pouco se ve atrapada pola ciencia e os científicos, sobre todo grazas á persoas que alí coñece, coas que vive unhas historias onde o amor é o verdadeiro protagonista...	
Comentario	<p>Verdadeira sorpresa este segundo libro da moza Sonia Fernández Vidal, empeñada en transmitir o seu amor pola física a través de libros que enganchen aos rapaces. E a verdade é que o consegue.</p> <p>Nesta ocasión bota mar do tema máis clásico: o amor. Amor verdadeiro que xorden entre adolescentes cuxas vidas xiran arredor da ciencia, son mentes privilexiadas que traballan nun dos centros de investigación máis punteiros do mundo, pero ante todo, son persoas, que sucumben aos encantos do amor...</p> <p>Esta autora escribe de xeito moi sinxelo pero moi directo. O libro ten <u>240 páxinas</u> pero lese nunha patada e logra o seu obxectivo: coa escusa dunha historia de amor a tres bandas, vai soltando algúns conceptos físicos relacionados coa estrutura da materia, con anécdotas, con historias curiosas, que van callando no lector máis novo. Recomendable 100%. Gustarache seguro.</p>	

Título:	La puerta de los tres cerrojos	
Autor:	Sonia Fernández Vidal	
Editorial:	La Galera	
Recomendado para:	4ºESO	
Sinopse	Niko é un rapaz que un día decide probar outro camiño para chegar ao seu instituto e o destino fai que chegue ata unha casa moi especial que o levará ata un mundo descoñecido pero fascinante para el: o mundo cuántico. Sen sabelo, terá que levar a cabo unha misión importante.	
Comentario	Foi o primeiro libro da autora e supuxo unha auténtica e agradable sorpresa. A autora quería explicar os conceptos básicos da mecánica cuántica, da cal é unha apaixonada. Pero o xeito que elixiu para facelo é o mellor. Propón unha historia fantástica e de aventuras, onde non te aburrirás seguro, e de paso aprendes algo de mecánica cuántica. Como este tema vese algo en 4ºESO o ideal é lelo neste curso. En <u>208 páxinas</u> que se van nun suspiro.	